



Relacións laborais

Ao longo do presente capítulo analízanse os datos referidos á evolución das relacións laborais, á seguridade e saúde no traballo e ás políticas de formación para o emprego en Galicia no ano 2015.

Dentro dos indicadores da situación e evolución do mercado laboral, e, en concreto dentro no ámbito das **relacións laborais**, salientan os aspectos relativos á evolución da negociación colectiva, á redución da conflitividade laboral, no que respecta á participación en folgas, e á evolución dos expedientes de regulación de emprego, sendo salientable neste ámbito, o descenso en torno ao 50% das persoas traballadoras que se viron afectadas por este tipo de expedientes no ano 2015 en relación ao ano anterior.

● Negociación colectiva

Seguindo coa tendencia de anos anteriores, en 2015 continuou incrementándose o número de convenios colectivos existentes en Galicia, xa sexan vixentes ou prorrogados

tacitamente, sendo 896 a 31 de decembro de 2014 e 916 a 31 de decembro de 2015. Tal como mostra o **cadro 2.2.1.**, este incremento é debido ao aumento no número de convenios de empresa, xa que o número de convenios de sector mantense inalterado. Os 916 convenios existentes en Galicia no ano 2015 afectan a 412.603 persoas traballadoras.

Os convenios colectivos asinados no último ano ascenderon a 97 e afectaron a un total de 43.351 traballadores, case seis mil menos que no ano 2014. Asemade, revisáronse un total de 20 convenios colectivos que afectan a 60.460 persoas traballadoras (3.054 persoas no ano anterior) (**cadro 2.2.2.**). Do total de 117 convenios asinados ou revisados no 2015, 19 son de sector que afectan a 95.289 persoas traballadoras e 98 son de empresa e afectan a 8.522 persoas traballadoras.

En 2015 negociáronse por primeira vez un total de 21 convenios, todos eles convenios de empresa, dos que 9 foron asinados na

Convenios colectivos existentes 2014-15 ⁽¹⁾

2014						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	896	65	302	109	89	334
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	774	48	272	86	69	302

2015						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	916	67	311	107	92	339
Sector	122	17	30	23	20	32
Empresa	794	50	281	84	72	307

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén acordos reguladores

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.1.

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2014-15

2014								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	194	53.371	144	49.218	15	3.054	35	1.099
Sector	18	40.744	15	39.488	3	1.256	-	-
Empresa	176	12.627	129	9.730	12	1.798	35	1.099

2015								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores	nº	traballadores
Total	138	104.442	97	43.351	20	60.460	21	631
Sector	19	95.289	10	36.269	9	59.020	-	-
Empresa	119	9.153	87	7.082	11	1.440	21	631

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.2.

provincia de A Coruña e 5 en Pontevedra. En Ourense e Lugo asináronse tres e un convenios, respectivamente, tendo outros tres un ámbito de aplicación autonómico ou interprovincial. Xunto ao descenso no número total de convenios negociados por primeira vez, baixa tamén o número de traballadores afectados ata as 631 persoas traballadoras, 468 menos que no ano anterior.

O 70% dos convenios de sector asinados en 2015 recollen "pacto de ultraactividade" e nos convenios de empresa, a porcentaxe que o recollen é do 73,5%.

O 7,3% dos convenios colectivos existentes no último ano teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial. Por outra banda, os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados neste ano foron 65 e afectan a 55.840 persoas; deles 26 son de sector e 39 de empresa.

O incremento salarial medio pactado nos 117 convenios asinados ou revisados en 2015 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión sa-

Xornada media pactada na negociación colectiva 2014-15: distribución segundo sector económico

	2014	2015
	(en horas / ano)	
Total	1.766,60	1.750,90
Agricultura e pesca (1)		1.784,00
Industria	1.750,61	1.766,48
Construción	1.752,60	1.736,49
Servizos	1.798,70	1.784,91

(1) non se asinaron convenios neste sector no 2014

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.2.3.

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-15 (1): distribución segundo sector

	2008				2015			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
	(en horas pactadas/traballador/mes)							
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	146,6	160,6	162,7	143,7
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	148,5	164,4	162,4	142,9
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	148,0	161,6	166,3	143,4
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	152,5	160,5	161,8	151,1
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	149,9	162,9	163,4	148,3
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	149,9	164,5	166,2	145,2
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	148,3	162,6	162,4	143,2
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	147,9	163,9	163,3	142,6
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	150,2	165,4	161,5	146,1
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	147,3	161,9	163,7	142,6
Estremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	145,5	159,0	164,7	142,2
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	152,5	163,4	167,7	148,3
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	153,8	165,5	164,4	152,1
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	151,0	160,9	161,9	147,9
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	147,7	162,3	162,4	140,0
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	148,0	160,5	161,1	143,3
A Ríoxa	153,7	168,1	167,4	144,0	151,0	163,9	165,9	144,6
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	149,7	163,2	163,3	146,3

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, *Encuesta trimestral de coste laboral*

2.2.4.

laria pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 0,82%. Este incremento é superior ao IPC galego do -0,2% e ao estatal que foi do 0%.

O Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) reflicte que o 13,4% dos convenios asinados e o 20% dos revisados teñen cláusulas de revisión salarial. Tendo en conta o número de persoas traballadoras ás que afectan estas cláusulas, as porcentaxes son do 4,5% nos convenios asinados e do 6,4% nos revisados.

A xornada media pactada en Galicia –tense en conta só os convenios que a regulan de xeito anual– descende ata as 1.750,9 horas/ano, o que supón unha redución de 15,7 horas/ano en relación ao ano anterior. Como ven acontecendo en anos anteriores, a xornada en convenios de empresa é máis reducida que nos de sectores (1.730,6 horas fronte a 1.752,4 horas, respectivamente). A nivel sectorial, o **cadro 2.2.3.** indica que o sector agrario e o sector servizos son os que rexistran unha maior xornada media pactada, con 1.784 horas, por diante

Inaplicacións rexistradas de convenios 2014-15 ⁽¹⁾

	2014		2015											
	Total		Total		C.A. / Interprov. C.A.		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	194	2.771	104	1.921	3	413	36	477	9	163	7	349	49	519
agricultura	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
industria	33	617	17	477	-	-	6	86	1	12	2	297	8	82
construción	13	70	12	44	-	-	3	15	-	-	1	13	8	16
servizos	148	2.084	75	1.400	3	413	27	376	8	151	4	39	33	421
número de traballadores														
0-5	99		51		1		18		5		2		25	
6-30	70		40		1		13		3		4		19	
31-49	13		8		-		4		-		-		4	
50-100	9		1		-		-		-		-		1	
101-250	2		2		-		1		1		-		-	
251-500	1		2		1		-		-		1		-	
máis de 500	-		-		-		-		-		-		-	

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial
Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.2.5.

da industria e da construción, con 1.766,5 e 1.736,5 horas, respectivamente.

Comparada co resto das Comunidades Autónomas, a Enquisa trimestral do custo laboral reflicte que Galicia se sitúa como a segunda Comunidade, xunto con Baleares, co maior número de horas pactadas por traballador no ano 2015, con 152,5 horas pactadas por traballador e mes, só por detrás de Madrid (153,8 horas/traballador/mes) (**cadro 2.2.4.**).

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar os convenios colectivos é a súa inaplicación. Segundo os datos do CGRL no ano 2015 rexistráronse un total de 104 inaplicacións de convenio que afectaron a 1.921 persoas traballadoras. No sector servizos rexistráronse 75 inaplicacións, 17 na industria e 12 na construción, afectando a 1.400, 477 e 44 persoas traballadoras respectivamente. Como amosa o **cadro 2.2.5.**, a metade das inaplicacións de convenios rexistradas prodúcense nas empresas de cinco ou menos traballadores e un 38,5% en empresas de seis a trinta traballadores.

No concernente á regulación de emprego, a partir no ano 2013 redúcese o número de

persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego, máis no ano 2015 o descenso foi do 48,6% en relación ao ano anterior, pasando de 12.877 persoas en 2014 a 6.615 no ano 2015 en Galicia.

Do total de persoas traballadoras afectadas, 4.494 (o 68%) sufriron unha suspensión do emprego, 1.089 e 1.032 traballadores despidos colectivos e redución de xornada, respectivamente (**cadro 2.2.6.**).

Os datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar indican que o número de expedientes de regulación de emprego no ano 2015 descendeu en Galicia un 38% respecto ao ano anterior, acadando os 613 procedementos. No último ano descende o número de expedientes pactados e non pactados, pero se incrementa en máis do dobre os procedementos sen período de consultas, que son aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas, que pasan de 51 no ano 2014 a 105 no ano 2015.

A provincia de Pontevedra, a pesar do descenso do 38%, segue a ser a que presenta

Traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2015-16

	Total		Despidos colectivos		Suspensión de contratos		Reducción de jornada	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Andalucía	14.032	5.976	3.396	1.764	5.047	2.770	5.589	1.442
Aragón	8.230	12.823	1.603	570	5.638	11.657	989	596
Asturias	6.984	4.334	722	469	5.037	3.226	1.225	639
Baleares	1.681	855	444	302	910	384	327	169
Canarias	2.650	2.125	1.009	463	1.184	1.368	457	294
Cantabria	3.503	2.509	237	310	2.671	1.900	595	299
Castela-A Mancha	4.315	1.114	876	230	1.997	634	1.442	250
Castela e León	14.847	10.148	1.529	919	11.067	8.062	2.251	1.167
Cataluña	23.978	13.375	6.297	5.841	13.613	6.020	4.068	1.514
C. Valenciana	19.750	8.861	4.265	2.571	11.921	4.903	3.564	1.387
Extremadura	1.681	1.683	541	387	513	1.007	627	289
Galicia	12.877	6.615	1.499	1.089	8.878	4.494	2.500	1.032
Madrid	18.516	16.351	10.293	7.707	5.164	6.395	3.059	2.249
Murcia	1.375	632	406	166	410	269	559	197
Navarra	5.799	4.048	395	550	4.775	3.109	629	389
Pais Vasco	17.854	8.511	2.150	1.082	12.401	5.858	3.303	1.571
A Ríoxa	1.441	520	194	149	994	234	253	137
Ceuta e Melilla	53	42	19	3	14	8	20	31
Total	159.566	100.522	35.875	24.572	92.234	62.298	31.457	13.652

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.2.6.

Procedementos de regulación de emprego 2014-15 ⁽¹⁾

	Pactados			Non pactados			Sen período de consultas		
	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14	2014	2015	15/14
Galicia	891	483	-45,8	42	25	-40,5	51	105	105,9
A Coruña	293	177	-39,6	16	16	0,0	15	35	133,3
Lugo	83	46	-44,6	5	2	-60,0	3	3	-
Ourense	65	28	-56,9	3	2	-33,3	4	-	-100,0
Pontevedra	437	227	-48,1	17	5	-70,6	29	67	131,0
Autónómicos	13	5	-61,5	1	-	-100,0	-	-	-

(1) Pactados: aqueles expedientes nos que se acadou un acordo no período de consultas entre empresa e a representación dos traballadores; Non pactados: aqueles nos que non se acadou un acordo no período de consultas entre a empresa e a representación dos traballadores; Sen período de consultas: aqueles expedientes que se xustifican en causas de forza maior, nos que a normativa non establece a obrigatoriedade dun período de consultas.

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar, *Estadísticas de expedientes de regulación de emprego*

2.2.7.

o maior número de expedientes, con 299, seguida de A Coruña con 228 (38% menos que no ano anterior). Todas as provincias presentan unha diminución do número de procedementos de regulación do emprego (**cadro 2.2.7.**).

● Conflitividade laboral

No ano 2015, diminúe, igual que aconteceu no exercicio anterior, o número de traballadores participantes en folgas, así como tamén o número de xornadas non traballa-

das, en base aos datos proporcionados polo Ministerio de Empleo e Seguridade Social.

En Galicia en 2015 vinte mil traballadores participaron nalgũa folga, un 17% menos que no ano anterior, e as xornadas non traballadas por causa das folgas ascenderon a 36 mil, un 28% menos que en 2014.

A pesar do descenso nos dous últimos anos da conflitividade laboral, medida en termos de folgas, Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma, por detrás de Ca-

Folgas nas CC.AA. 2014-15

	2014		2015	
	traballadores participantes	xornadas non traballadas	traballadores participantes	xornadas non traballadas
Andalucía	27.163	52.793	9.287	22.567
Aragón	7.636	12.090	7.546	10.472
Asturias	4.671	17.689	4.105	12.609
Baleares	2.749	4.035	754	1.356
Canarias	2.598	8.799	1.084	3.141
Cantabria	961	2.378	1.346	4.146
Castela-A Mancha	3.386	2.854	7.503	17.904
Castela e León	5.228	7.854	4.613	12.907
Cataluña	73.747	271.679	71.052	196.373
C. Valenciana	17.747	25.905	6.642	16.971
Extremadura	1.593	2.520	848	6.357
Galicia	24.653	50.688	20.342	36.230
Madrid	23.907	84.182	17.522	96.450
Murcia	2.020	9.526	4.560	29.478
Navarra	2.977	12.269	1.930	10.721
País Vasco	15.375	54.655	10.847	18.862
A Ríoxa	358	376	426	713
Ceuta e Melilla	278	276	121	226
Total	217.047	620.568	170.528	497.483

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal.

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.2.8.

taluña, en número de traballadores participantes en folgas e a terceira Comunidade, tras Cataluña e Madrid, en número de xornadas non traballadas.

Seguridade e saúde no traballo

O crecemento do 2,1% da economía galega en termos de PIB no ano 2015, así como o aumento na ocupación estimada en Galicia, por primeira vez dende o comezo da crise económica, ten como contrapartida un impacto negativo en termos de accidentes laborais.

No ano 2015 o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral en Galicia acadou os 25.346, un 9,2% máis que no ano anterior.

O número de accidentes de traballo medra nas catro provincias galegas, sendo Pontevedra a que rexistra un maior incremento, cun 19% máis que no ano anterior, acadando os 8.629 accidentes con baixa en xor-

nada de traballo, por detrás de A Coruña con 11.252 accidentes.

O incremento no número de accidentes rexistrouse tanto no caso dos accidentes leves e mortais, descendendo o número de accidentes graves. Neste senso, os accidentes leves aumentaron en Galicia un 9,6%, os mortais fixérono nun 3,4% e os accidentes graves descendieron un 13%.

No ano 2014 rexistrouse, de xeito excepcional, un elevado número de accidentes mortais no sector pesqueiro, accidentes que se reduciron á metade no ano 2015; a pesar do que en Galicia en 2015 rexistráronse dous falecidos máis que no ano anterior, consecuencia dos sete accidentes mortais máis rexistrados no sector servizos.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores foi dispar. O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais con baixa, con 12.582 accidentes (o 49,6% dos

Accidentes de trabajo con baixa en xornada de traballo 2014-15: distribución segundo a gravidade e sector económico

	Totais			Leves			Graves			Mortais		
	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)
Total	23.221	25.346	9,2	22.732	24.911	9,6	430	374	-13,0	59	61	3,4
A Coruña	10.806	11.252	4,1	10.607	11.078	4,4	175	148	-15,4	24	26	8,3
Lugo	2.639	2.739	3,8	2.548	2.682	5,3	82	51	-37,8	9	6	-33,3
Ourense	2.523	2.726	8,0	2.477	2.670	7,8	42	46	9,5	4	10	150,0
Pontevedra	7.253	8.629	19,0	7.100	8.481	19,5	131	129	-1,5	22	19	-13,6
Sectores												
Agricultura	1.209	1.310	8,4	1.143	1.247	9,1	62	60	-3,2	4	3	-25,0
Pesca	1.199	979	-18,3	1.124	933	-17,0	55	36	-34,5	20	10	-50,0
Industria	6.384	7.301	14,4	6.292	7.204	14,5	82	83	1,2	10	14	40,0
Construción	2.943	3.174	7,8	2.849	3.090	8,5	85	73	-14,1	9	11	22,2
Servizos	11.486	12.582	9,5	11.324	12.437	9,8	146	122	-16,4	16	23	43,8
Outros CNAE93	6	1	-83,3	5	1	-80,0	1	-	-	-	-	-

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

2.2.9.

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA. 2014-15 ⁽¹⁾

	Accidentes con baixa		Accidentes mortais	
	2014	2015	2014	2015
Andalucía	3.383	3.555	3,6	3,6
Aragón	2.693	2.909	3,2	6,2
Asturias	3.617	3.643	4,9	4,9
Baleares	4.307	4.499	0,6	2,5
Canarias	3.549	3.560	3,8	2,6
Cantabria	2.785	2.920	4,9	4,2
Castela-A Mancha	3.625	3.822	3,0	4,7
Castela e León	2.892	3.042	4,7	3,9
Cataluña	2.966	3.044	2,1	2,6
C. Valenciana	2.685	2.853	3,1	3,6
Extremadura	3.329	3.499	5,3	4,8
Galicia	2.941	3.120	7,6	7,4
Madrid	2.558	2.630	2,0	2,6
Murcia	3.057	3.355	3,7	4,5
Navarra	3.019	3.125	5,7	3,7
Pais Vasco	3.154	3.304	3,2	2,7
A Ríoxa	3.008	3.352	9,6	4,1
Ceuta	3.390	3.744	5,8	5,7
Melilla	2.910	2.752	-	-
Total	3.031	3.162	3,3	3,6

(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

2.2.10.

accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia), seguido polo sector industrial, que rexistrou 7.301 accidentes (o 28,8%), e a construción, con 3.174 accidentes (o 12,5% dos accidentes en Galicia).

Os accidentes leves no ano 2015 aumentaron ata os 24.911, dos que o 50% acontecen no sector servizos. O único sector no

que se reducen os accidentes leves no ano 2015 foi a pesca, cun 17% menos (191 accidentes menos).

No que atinxe aos accidentes graves, no último ano rexistráronse 374, 56 menos que en 2014, dos que máis do 33% acontecen no sector servizos. En todos os sectores, agás na industria, diminúe o número de ac-

Índices de incidencia dos accidentes de traballo con baixa 2014-15: distribución segundo sector

2014					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.080,4	3.307,2	2.879,9	3.271,9	2.807,5
Agricultura	3.539,5	3.659,2	3.515,7	3.709,0	3.243,2
Pesca	6.222,4	10.847,8	6.328,3	-	4.189,0
Industria	5.380,1	5.682,2	4.307,2	5.951,5	5.175,5
Construción	6.056,6	6.389,6	6.476,0	7.639,8	4.669,2
Servizos	2.154,3	2.366,2	2.072,9	2.129,0	1.904,3

2015					
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	3.295,6	3.372,2	2.939,4	3.497,6	3.264,7
Agricultura	3.913,8	3.588,9	3.825,7	4.972,4	4.148,3
Pesca	5.261,7	9.078,8	6.337,1	-	3.461,9
Industria	6.060,1	5.874,2	5.108,5	6.115,1	6.432,5
Construción	6.368,5	6.855,4	5.671,4	8.062,3	5.202,6
Servizos	2.301,4	2.423,3	2.065,1	2.321,6	2.213,2

Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística de siniestralidade laboral*

● 2.2.11.

cidentados graves. Na industria rexístrase un accidente grave máis que no ano anterior.

No ano 2015, tal como se cita anteriormente, rexístranse dous accidentes mortais máis que no exercicio anterior, aumentando o número de accidentes en todos os sectores, agás na agricultura e na pesca. Destaca o sector servizos con 23 accidentes con resultado de morte, un 44% máis que no ano anterior.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta, acadou en Galicia os 3.120 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, cifra lixeiramente inferior á media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, o **cadro 2.2.10.** reflicte que Galicia, tras un aumento do 6,1% no número de accidentes con baixa laboral, sitúase como a sétima Comunidade co menor índice, por diante de Madrid, C. Valenciana, Aragón, Cantabria, Cataluña e Castela e León.

Segundo os datos do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, no ano 2015, Ourense pasa a ser a provincia co índice de incidencia de accidentes máis elevado, con 3.497,6 accidentes por cada cen mil afiliacións, seguido dos 3.372,2 accidentes de A Coruña e os 3.264,7 e 2.939,4 accidentes por cada cen mil afiliacións en Pontevedra e Lugo respectivamente.

O índice de incidencia dos accidentes de traballo aumenta en todos os sectores de actividade en Galicia, agás no sector pesqueiro afectado por circunstancias especiais no ano 2014. O sector que reflicte un maior índice de incidencia, con 6.368,5 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta é a construción, que no último ano aumenta o seu índice un 5%. A industria acada un índice de incidencia de 6.060,1 accidentes por cada cen mil afiliacións. Os índices máis baixos rexistráronse novamente, nos servizos e na agricultura, con 2.301,4 e 3.913,8 accidentes.

No caso dos accidentes mortais, Galicia re-

Baixas laborales derivadas de incapacidad temporal nas CC.AA. 2014-15: continxencias comúns

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	42,01	42,99	14,97	16,35	35.591	39.118
Aragón	35,80	35,46	19,72	21,18	8.348	9.028
Asturias	50,21	50,45	16,05	17,05	4.644	4.893
Baleares	34,21	33,96	19,63	21,66	6.957	7.979
Canarias	37,52	42,70	20,28	21,59	12.351	13.395
Cantabria	42,85	44,52	19,39	20,46	3.268	3.473
Castela-A Mancha	44,54	43,43	15,39	17,50	7.779	8.908
Castela e León	45,31	44,80	14,62	16,05	10.029	11.042
Cataluña	29,62	29,29	25,02	27,59	63.707	71.656
C. Valenciana	50,45	51,95	13,00	13,84	17.552	19.108
Extremadura	58,91	60,49	10,70	11,42	3.253	3.500
Galicia	58,48	61,60	14,27	15,20	10.977	11.708
A Coruña	56,61	59,94	14,81	15,55	4.969	5.240
Lugo	67,00	69,38	12,02	12,89	1.028	1.100
Ourense	57,16	59,10	13,48	14,33	1.041	1.099
Pontevedra	58,99	62,28	14,53	15,73	3.938	4.269
Madrid	31,96	32,08	20,32	22,46	50.161	56.452
Murcia	47,55	46,65	16,31	17,91	6.995	7.869
Navarra	24,15	23,85	33,58	37,05	7.243	8.018
País Vasco	35,79	34,93	23,89	26,67	17.835	20.072
A Ríoxa	33,14	33,56	19,07	20,64	1.852	2.028
Ceuta	44,26	44,25	15,39	17,56	278	320
Melilla	35,25	36,23	19,37	20,04	338	357
Total	37,51	37,80	18,72	20,51	269.158	298.924

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.2.12.

Baixas laborales derivadas de incapacidad temporal nas CC.AA. 2014-15: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número medio mensual de procesos iniciados	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
	(en días / ano)		(%)			
Andalucía	33,18	34,34	3,53	3,68	7.384	7.939
Aragón	38,38	36,56	2,85	3,10	1.200	1.340
Asturias	43,94	44,09	3,60	3,69	1.033	1.072
Baleares	30,66	29,86	4,43	4,59	1.520	1.670
Canarias	33,12	34,42	3,57	3,58	2.116	2.205
Cantabria	45,36	43,92	2,95	3,09	485	522
Castela-A Mancha	34,24	35,32	3,56	3,70	1.788	1.944
Castela e León	38,56	40,24	2,91	3,06	2.004	2.167
Cataluña	33,37	35,36	3,31	3,37	8.146	8.649
C. Valenciana	38,44	40,00	2,77	2,96	3.668	4.083
Extremadura	38,66	41,16	3,25	3,39	868	940
Galicia	45,60	48,09	3,21	3,36	2.458	2.631
A Coruña	45,55	47,52	3,18	3,31	1.070	1.141
Lugo	57,30	61,18	2,72	2,87	254	273
Ourense	44,37	45,45	3,14	3,36	244	265
Pontevedra	42,72	45,80	3,45	3,61	890	952
Madrid	30,06	31,34	2,66	2,72	6.542	6.969
Murcia	35,07	36,04	3,11	3,49	1.290	1.515
Navarra	32,61	36,10	3,24	3,39	680	732
País Vasco	32,66	32,65	3,43	3,69	2.542	2.698
A Ríoxa	34,51	36,58	3,17	3,53	314	363
Ceuta	40,94	39,97	3,50	3,86	61	69
Melilla	32,43	39,86	3,33	3,23	56	57
Total	34,75	36,02	3,18	3,31	44.155	47.564

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social

2.2.13.

xistrou un total de 7,4 accidentes por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. As sinaladas circunstancias especiais do sector pesqueiro no ano 2014 reflectíronse nun aumento moi significativo dos accidentes de traballo con causa de morte; sen embargo, o número de accidentes mortais por cada 100.000 afiliados en Galicia no ano 2015 mantense practicamente estable, o que sitúa a Galicia como a Comunidade Autónoma co índice de incidencia de accidentes mortais máis elevado do Estado, moi por encima do índice medio estatal (3,6).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias comúns e profesionais, **cadros 2.2.12. e 2.2.13.** mostra como, tal como sucedeu no ano 2014, novamente o número medio de procesos iniciados no ano 2015 é superior aos iniciados no ano anterior tanto no caso de baixas por continxencias profesionais, como no de continxencias comúns. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadores protexidos en continxencias profesionais e comúns.

A duración media das baixas laborais dos procesos con altas, derivadas de incapacidade temporal por continxencias tanto comúns como profesionais, é o mías elevado de toda España.

No que respecta ás continxencias comúns, a dita duración media pasa de 58,5 días no ano 2014 a 61,6 días no último ano. No conxunto do Estado a duración media das nomeadas baixas é de 37,8 días, en torno aos 24 días menos que en Galicia.

No que respecta ás continxencias profesionais, a duración media dos procesos tamén aumenta no último ano, pasando de 45,6 días no ano 2014 a 48,1 días en 2015. Galicia continúa como a Comunidade Autónoma cunha duración media dos procesos

con alta no período máis elevada, superando á media estatal en 12 días.

Finalmente, no que respecta ás enfermidades profesionais, entendidas como as contraídas a consecuencia do traballo executado por conta allea nas actividades que se especifiquen no cadro que se aprobe polas disposicións de aplicación e que veña provocada pola acción dos elementos ou substancias que en dito cadro se indiquen para cada enfermidade profesional.

O **cadro 2.2.14.** mostra as enfermidades profesionais por grupos e sectores de actividade no ano 2015 en Galicia. Así, dun total de 1.224 casos rexistrados, 674 cursaron baixa laboral, sendo o sector industrial, con 564, seguido do sector servizos, con 517, as ramas de actividade onde máis casos se rexistran. O sector industrial tamén é o que presenta máis casos de enfermidades profesionais que causan baixa laboral, con 300 casos dos 674 totais rexistrados en Galicia no ano 2015.

Políticas de formación para o emprego

As políticas activas de emprego, a partir do ano 2013, artéllanse en base a nova Estratexia Española de Activación para o Emprego 2014-2016 (Real decreto 751/2014 de 5 de setembro), que ten como finalidade última a coordinación e a identificación e canalización ordenada dos recursos. Para atender este obxectivo global, a Estratexia conta con obxectivos específicos que se recollen nos Plans Anuais de Políticas de emprego.

O Plan Anual de Políticas de Emprego 2015 artella os seus programas en torno a seis eixes: orientación; formación; oportunidades de emprego; igualdade de oportunidades de acceso ao emprego; emprendemento e mellora do Marco Institucional do Sistema Nacional de Emprego. O total de fondos repartidos en 2015 ascende a 4.788 millóns



Enfermedades profesionales 2015: distribución segundo sexo e sectores de actividade ⁽¹⁾

Homes					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	17	16	350	97	139
Grupo I	1	-	19	2	3
Grupo II	10	16	234	80	123
Grupo III	3	-	4	-	6
Grupo IV	3	-	81	9	2
Grupo V	-	-	12	5	5
Grupo VI	-	-	-	1	-

Mulleres					
	Agricultura	Pesca	Industria	Construción	Servizos
Total	6	4	214	3	378
Grupo I	-	-	12	1	10
Grupo II	6	4	179	2	269
Grupo III	-	-	1	-	38
Grupo IV	-	-	12	-	13
Grupo V	-	-	10	-	48
Grupo VI	-	-	-	-	-

(1) Grupo I: Enfermedade profesionais causadas por axentes químicos
 Grupo II: Enfermedade profesionais causadas por axentes físicos
 Grupo III: Enfermedade profesionais causadas por axentes biolóxicos
 Grupo IV: Enfermedade profesionais causadas por inhalación de sustancias e axentes non comprendidos noutros apartados
 Grupo V: Enfermedade profesionais da pel causadas por sustancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados
 Grupo VI: Enfermedade profesionais causadas por axentes carcinógenos
 Fonte: Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, *Información estatística das enfermidades profesionais*

2.2.14.

Accións formativas para o emprego 2015 ⁽¹⁾

	Accións formativas	Alumnos	Orzamentos
			(en euros)
Total	940	21.779	28.528.401
Dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas	476	7.137	22.060.059
Programación de convenios de colaboración	1	15	64.368
Programas sen compromiso de contratación (ordinaria)	475	7.122	21.995.691
A Coruña	155	2.325	6.821.804
Lugo	84	1.257	3.990.971
Ourense	96	1.440	4.399.913
Pontevedra	140	2.100	6.783.003
Dirixidas prioritariamente a persoas ocupadas	464	14.642	6.468.342
Autónomos	20	438	186.960
Plans específicos	103	1.545	1.132.110
Plans de formación intersectoriais	321	12.181	4.989.658
Plan de economía social	20	478	159.614
A Coruña	317	10.103	4.838.319
Lugo	15	225	179.890
Ourense	5	75	41.850
Pontevedra	127	4.239	1.408.283

(1) formación profesional para o emprego dirixida prioritariamente a persoas desempregadas e ocupadas
 Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.15.

de euros, en gran medida condicionados a resultados.

En relación ás políticas de formación para o emprego, as medidas encamiñadas a acadar unha maior formación para o emprego aséntanse en tres piares: en primeiro lugar, os programas dirixidos a mellorar a inserción e reinserción laboral dos traballadores desempregados, un segundo pilar son as políticas activas de emprego e finalmente, no Servizo Público de Emprego que debe incidir nas políticas activas de emprego, axudando ao traballador a atopar ocupación.

Formación profesional para o emprego

O 9 de setembro de 2015, apróbase a Lei 30/2015, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, que ten por obxecto a planificación e financiación do sistema, a programación e execución das accións formativas, o control e o seguimento.

O sistema de formación profesional para o emprego regulado en esta lei dará cobertura a empresas e traballadores de calquera parte do territorio do Estado español. No Capítulo III da dita lei 30/2015, establécense as modalidades de formación profesional para o emprego, en particular:

1. A formación programada polas empresas para os seus traballadores.
2. A oferta formativa das administracións competentes para os traballadores ocupados, constituída polos programas de formación sectoriais e os programas de formación transversais, así como os programas de cualificación e recoñecemento profesional
3. A oferta formativa das administracións competentes para traballadores desempregados, que inclúe os programas de formación dirixidos a cubrir as necesidades detectadas polos servizos

públicos de emprego, os programas específicos de formación e os programas formativos con compromisos de contratación

4. Outras iniciativas de formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas no ano 2015 dentro do ámbito da formación profesional para persoas empregadas e desempregadas, convocáronse 940 cursos, cunha capacidade de 21.779 alumnos e un orzamento de 28,5 millóns de euros, concentrado fundamentalmente, nas accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas.

En concreto, no que atinxe á formación profesional dirixida prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas (AFD), que é unha política activa de emprego que ofrece cursos de formación gratuítos para persoas traballadoras desempregadas co obxecto de dotalos de cualificación e facilitar a súa integración no mercado laboral, no último ano programáronse un total de 476 accións, cun orzamento total de 22 millóns de euros, aos que asistiron 7.137 persoas.

As principais accións formativas corresponden ás actividades de "Administración e xestión", con 127 accións e 1.905 alumnos, "Servizos Socioculturais e á Comunidade", con 109 cursos e 1.632 alumnos, e "Informática e comunicacións", con 42 accións formativas e 630 alumnos. En conxunto, estas tres accións acollen en torno ao 58% dos cursos, alumnos e orzamento (**cadro 2.2.16.**).

Con cargo ao orzamento do plan AFD impartíronse, na programación do ano 2015, un total de 215 cursos de formación profesional para o emprego en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 7,6 millóns de euros, participando nestes cursos un total de 3.397 alumnos. Estes cursos prográmanse principalmente nas provincias

Cursos do Plan AFD 2015: distribución sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (euros)
Total	475	7.122	21.995.691,00
Actividades Físicas e Deportivas	5	75	154.590,00
Administración e Xestión	127	1.905	5.846.492,25
Agraria	10	150	392.304,00
Artes e Artesanías	1	15	60.648,00
Artes Gráficas	2	30	118.836,00
Comercio e Marketing	39	585	2.070.442,50
Edificación e Obra Civil	19	285	981.133,50
Electricidade e Electrónica	7	105	284.403,00
Energía e Auga	9	135	509.299,50
Fabricación Mecánica	9	135	617.041,50
Hostelería e Turismo	28	420	1.156.234,50
Imaxe e Son	2	30	147.528,00
Imaxe Persoal	12	180	656.242,50
Industrias Alimentarias	1	15	76.932,00
Industrias Extractivas	1	15	73.795,50
Informática e Comunicacóns	42	630	2.598.284,25
Instalación e Mantemento	7	105	315.763,50
Madeira, Moble e Corcho	11	165	489.915,00
Sanidade	7	105	533.828,25
Seguridade e Medioambiente	7	105	293.742,75
Servizos Socioculturais e á Comunidade	109	1.632	3.764.388,00
Transporte e Mantemento de Vehículos	20	300	853.846,50

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.16.

Cursos do Plan AFD 2015 en centros propios: distribución provincial e sectorial

	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en euros)
Total			
A Coruña	71	1.065	2.915.814
Lugo	25	375	1.166.372
Ourense	34	510	1.449.107
Pontevedra	85	1.447	2.035.709
Distribución sectorial			
Actividades Físicas e Deportivas	2	30	53.685,0
Administración e Xestión	6	90	283.973,2
Agraria	18	270	557.450,2
Artes Gráficas	2	30	62.015,9
Comercio e Marketing	5	75	136.906,6
Edificación e Obra Civil	6	90	277.047,1
Electricidade e Electrónica	15	225	820.927,5
Energía e Auga	7	105	398.542,1
Fabricación Mecánica	17	255	1.071.916,1
Hostelería e Turismo	15	225	544.074,3
Imaxe e Son	1	15	43.283,5
Imaxe Persoal	6	90	185.991,5
Industrias Alimentarias	4	60	136.490,8
Informática e Comunicacóns	12	180	638.018,8
Instalación e Mantemento	18	270	930.546,4
Madeira, Moble e Corcho	14	210	373.659,3
Marítimo Pesqueira	44	832	48.195,0
Sanidade	1	15	54.367,7
Seguridade e Medioambiente	3	45	132.129,0
Servizos Socioculturais e á Comunidade	5	75	128.779,1
Transporte e Mantemento de Vehículos	14	210	689.001,7

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

2.2.17.

Plans de formación para persoas ocupadas 2015

	Entidades	Plans	Accións formativas	Orzamento
				(en millóns de euros)
Plans de formación específicos	24	4	103	1,13
Plans de formación intersectoriais	14	21	361	4,96
Autónomos	4	5	20	0,19
Intersectorial	4	9	321	4,99
Economía Social	6	7	20	0,16

Fonte: Consellería de Economía, Emprego e Industria

● 2.2.18.

Actuacións para o fomento do emprego e estabilidade laboral 2015: distribución segundo sexo e idade

Procedemento	Beneficiarios	Homes	Mulleres	< 30 anos	31-44 anos	> 45 anos
Fomento do emprego e da estabilidade laboral	551	337	214	443	65	43
Fomento da contratación indefinida	220	90	130	122	61	37
Fomento da contratación temporal	331	247	84	321	4	6
Fomento do autoemprego e do traballo autónomo	3.600	1.515	2.085	1.295	1.586	719
Promoción do emprego autónomo	3.600	1.515	2.085	1.295	1.586	719
Integración laboral persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social	2.710	1.687	1.023	308	1.240	1.162
Creación de centros especiais de emprego	45	31	14	8	19	18
Mantemento de centros especiais de emprego	1.940	1.213	727	156	890	894
Unidades de apoio	280	182	98	42	144	94
Contratación de persoas discapacitadas en empresas ordinarias	353	200	153	60	147	146
Emprego con apoio no mercado ordinario	71	43	28	34	32	5
Incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL)	21	18	3	8	8	5
Total	6.861	3.539	3.322	2.046	2.891	1.924

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

● 2.2.19.

de Pontevedra e A Coruña, destacando a redución dos recursos orzamentarios destinados a estas accións en centros propios no último ano (**cadro 2.2.17.**).

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, dos datos do **cadro 2.2.17.** despréndese que as actividades máis importantes, en canto á súa dotación orzamentaria, son as de “fabricación mecánica” “Instalación e Mantemento” e “Electricidade e Electrónica”, que concentran o 37% do orzamento total.

No que respecta á formación profesional dirixida prioritariamente a persoas ocupadas, esta ten por finalidade dotar aos beneficiarios da cualificación que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que ob-

teñan os coñecementos e prácticas axeitados aos requirimentos que en cada momento precisen as empresas, e permita compatibilizar a súa maior competitividade coa mellora da capacitación profesional e promoción individual do traballador. No ano 2015 realizáronse 361 accións formativas intersectoriais e 103 accións de formación específicas nun total de 25 plans que acolle-ron 38 entidades. Os seus orzamentos para o ano 2015 mantivéronse practicamente es-tables en torno aos 5 e 1 millóns de euros, respectivamente (**cadro 2.2.18.**).

Promoción do emprego

Dento do marco das políticas de promoción do emprego inclúense actuacións de fo-mento do emprego e da estabilidade laboral,

de fomento do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social (**cadro 2.2.19.**).

No que respecta as actuacións de fomento de emprego e da estabilidade laboral, prográmase actuacións de fomento da contratación indefinida e temporal. Os beneficiarios dos programas de fomento da contratación indefinida no ano 2015 foron 220 persoas, das que 122 tiñan menos de 30 anos, e as actuacións de fomento da contratación temporal foron 331, dos 321 eran menores de 30 anos.

No ano 2015 en Galicia beneficiáronse 3.600 persoas dos programas de emprego autónomo, persoas maioritariamente maiores de 30 anos, en concreto 1.240 persoas de 31 a 44 anos e 1.162 beneficiarios maiores de 45 anos.

Finalmente, no que respecta ás actuacións de integración laboral de persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social, dos 2.710 beneficiarios totais destas actuacións en Galicia no ano 2015, máis do 70% están integrados dentro das actuacións de mantemento de centros especiais de emprego. 

